

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 4 DE ABRIL DE 2023

PRESIDENTE:

O alcalde, D. Óscar A. García Patiño

ASISTENTES:

D. Juan González Leirós
D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto
D. Daniel Mallo Castro
D.^a María Dolores Pan Lesta
D. Diego Alcantarilla Rei

NON ASISTEN:

D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez
D.^a Elisa Pestonit Barreiros

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día catro de abril do ano dous mil vinte e tres, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. Óscar A. García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Juan González Leirós, D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, D. Daniel Mallo Castro, D.^a María Dolores Pan Lesta e D. Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten á sesión a Sra. concelleira D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez Sra. concelleira D.^a Elisa Pestonit Barreiros.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 28 DE MARZO DE 2023

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 28 de marzo de 2023, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 28 de marzo de 2023.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Orde de 28 de marzo de 2023, da Consellería de Política Social e Xuventude, pola que se amplía o prazo para a xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos comunitarios municipais correspondente ao exercicio 2022, así como para a presentación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao ano 2023. DOG núm. 63, do 30-03-2023.

- Resolución de 20 de marzo de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento SI461A). DOG núm. 64, do 31-03-2023.
- Escrito de don Juan María Abalo Cástex, concelleiro do grupo municipal Popular, rexistrado de entrada o día 31 de marzo de 2023, co número 202399900002100, no que comunica a súa ausencia do termo municipal do día 31 de marzo ao 10 de abril de 2023, ambos os dous incluídos.
- Orde INT/316/2023, de 29 de marzo, do Ministerio do Interior, pola que se modifican os anexos do Real decreto 605/1999, de 16 de abril, de regulación complementaria dos procesos electorais. BOE núm. 78, do 01-04-2023.
- Real decreto 207/2023, de 3 de abril, do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática, polo que se convocan eleccións locais e ás Asembleas de Ceuta e Melilla para o 28 de maio de 2023. BOE núm. 80, do 04-04-2023.
- Instrución 1/2023, de 30 de marzo, da Xunta Electoral Central, sobre procedemento de votación dos electores inscritos no Censo Electoral de Residentes Ausentes (CERA), tras a modificación levada a cabo pola Lei orgánica 12/2022. BOE núm. 80, do 04-04-2023.
- Corrección de erros Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, da Resolución de 27 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se publican os concellos e as entidades (asociacións e CMVMC) beneficiarios das subvencións concedidas en virtude da Orde de 20 de xaneiro de 2022, pola que se aproban as bases e a convocatoria para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para actuacións de concellos e entidades en reservas da biosfera de Galicia con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU para os anos 2022 e 2023 (código de procedemento MT724B). DOG núm. 66, do 04-04-2023.

3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DA ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área, ditadas dende o día 24 ao 30 de marzo de 2023, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 496/2023 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 563/2023, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
496/2023	24-03-2023	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 28 de marzo de 2023
497/2023	24-03-2023	Delegar na concelleiro don Ramón Boga Moscoso para que reciba o consentimento na celebración do matrimonio de LAP e ACS
498/2023	23-03-2023	Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor núm. 2023/C002/000012 cuxo obxecto é a subministración consistente na adquisición de rótulos e catering en relación coa nova denominación da Biblioteca Central María Pita. Adxudicar o contrato menor á empresa LUZ CORUÑA S.L., no prezo ofertado de 1.880 € (IVE excluído); 2.274,80 € (IVE incluído)



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

499/2023	23-03-2023	Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor para o desenvolvemento dun Programa destinado a prestar apoio para contrarrestar as consecuencias físicas e psicolóxicas xeradas entre a poboación debido á epidemia da obesidade e malos hábitos de consumo. Adxudicar o contrato menor a Carolina Mosquera Martínez, por importe de 3.595,90 euros, sen IVE, 4.351,04 euros, IVE incluído
500/2023	24-03-2023	Dar de alta no padrón municipal de habitantes de Cambre, por cambio de residencia e nacemento e autorización de trocos de domicilio e modificación de datos persoais, así como renovación da inscrición dos estranxeiros non comunitarios, e comprobación de residencia dos cidadáns dos Estados membros da Unión Europea e outros estados pertencentes ao Espazo Económico Europeo, durante o mes de marzo 2023
501/2023	24-03-2023	Imposición a AFP, MCPM, GF. e JBFA dunha multa coercitiva con periodicidade mínima mensual e por un importe, cada vez, de 1000,00 €, ata o íntegro cumprimento da resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras do día 14.01.2022, pola que se ordenou a demolición das obras realizadas na finca sita en Sarnoso, Brexo, consistentes na ampliación da construción auxiliar preexistente, e varias construcións auxiliares sen título habilitante, ao non ser as mesmas legalizables
502/2023	24-03-2023	Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística co obxecto de determinar a compatibilidade co ordenamento urbanístico vixente dos actos realizados por AAM, S.A., consistentes na instalación dun cartel publicitario na finca sita en Pumar Méndez Cambre, sen título habilitante. Concesión dun prazo de audiencia de 10 días para alegacións
503/2023	24-03-2023	Requirir a AFP, MCPM, GF. e JBFA para que regularicen as obras denunciadas consistentes na realización de movementos de terra na parcela sita en Sarnoso, Brexo, sen título habilitante, para o que se concede un prazo de 3 meses
504/2023	24-03-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a certificación liquidación da obra "Ampliación de abastecemento e saneamento Graduill e A Pena (POS+ 2020 Principal)" por importe de 7.033,84 euros
505/2023	24-03-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas e certificacións de obra num. 4, 5 e 6 "acondicionamiento do entorno e da planta semisoto do local social de Meixigo. Cambre" por importe total de 17.640,44 euros
506/2023	24-03-2023	Suspender inmediatamente a actividade de almacenamento de materiais diversos que se está a realizar no invernadoiro sito na finca sita en Sarnoso Brexo, AFP, MCPM, GF. e JBFA, de acordo co artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia
507/2023	24-03-2023	Convocatoria da sesión ordinaria da Mesa Local de Comercio para o día 29 de marzo de 2023, ás 11:30 horas nas antigas oficinas da OMIX do Concello de Cambre (rúa Wenceslao Fernández Flórez s/n; Cambre)
508/2023	24-03-2023	Aprobación da adhesión ao Programa SON de BARES de NDC para a realización dun evento o día 26/03/2023 na rúa exterior do



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		seu local El Var, segundo o plano que consta no expediente, coa actuación musical de Eric Hidalgo xunto co evento gastronómico Pulpeira de Camariñas, en horario de 13:00 a 15:00 horas
509/2023	24-03-2023	Desestimar o recurso de reposición interposto por CCP, actuando en representación de CLA contra a resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras do día 3 de marzo de 2023, pola que se ordenou a suspensión cautelar da utilización da cheminea existente na grellada sita en Curros Enríquez, O Temple, así como a utilización da grella, ao terse producido unha combustión na dita chimenea, sen que estea acreditado que as medidas correctoras existentes na actividade sexan suficientes para garantir que non se volvan a producir tales feitos
510/2023	24-03-2023	Aprobar a relación de 13 altas e 10 baixas para participar no Programa das escolas de actividade física e saúde ano 2023 no mes de marzo, con efectos dende o 1 de marzo
511/2023	24-03-2023	Conceder á funcionaria de carreira deste concello LBF, o anticipo de 3.005,06 euros, como así se establece no artigo 36 do acordo regulador, a devolver en vinte e catro meses, por un importe de 125,21 euros cada mensuralidade e a descontar a partir do mes de abril de 2023
512/2023	27-03-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación a FCS por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
513/2023	27-03-2023	Denegar a axuda emerxencia social para recibo de luz a CSTC por non cumprir os requisitos esixidos no artigo 2 da ordenanza reguladora
514/2023	27-03-2023	Denegar a axuda de alimentación básica de hixiene persoal a MEPG por superar o saldo medio de aforro establecido na ordenanza
515/2023	27-03-2023	Denegar a axuda de emerxencia social para alimentación a YGHH por atoparse no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios
516/2023	27-03-2023	Denegar a axuda de alimentación básica de hixiene persoal a NSG por estar en periodo de suspensión de 6 meses establecidos na ordenanza reguladora
517/2023	27-03-2023	Visar a licenza municipal de taxi núm. 14 para o ano 2023, a instancia do seu titular, JMG e anotar o dito visado no Rexistro de Títulos Habilitantes (aplicación Rtaxi) con efectos da data desta resolución
518/2023	27-03-2023	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal de data 30 de marzo de 2023
519/2023	27-03-2023	Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento de 403.672,95 euros, no concepto non orzamentario "20301 Taxa de lixo, EE.PP. acredores por recadación", a favor do Consorcio das Mariñas, CIF P1500011J, pola taxa de recollida do lixo do cuarto trimestre de 2022
520/2023	27-03-2023	Aprobacion de facturas con reparos 75.747,96 euros
521/2023	27-03-2023	Aprobar a nómina do mes de marzo de 2023 por importe de 326.973,47 euros



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

522/2023	27-03-2023	Aprobar o proxecto denominado "Reforma do bombeo de augas residuais de Ponte Cela. Cambre", redactado por don Gustavo Vázquez Herrero, de "Consultora de Ingeniería Medio Ambiente y Arquitectura, S.L." (CIMARQ), COAG nº 17803
523/2023	27-03-2023	Ordenar a LTR que roce a maleza existente na finca sita en Pena, Sigrás, concedéndolles a tal efecto un prazo de 10 días a contar a partir do seguinte ao da presente notificación, de acordo co disposto polos Arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados e o artigo 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria
524/2023	27-03-2023	Conceder á CdeP do edificio sito nas rúas Otero Pedraio, e Fernando Buesa, parroquia do Temple, a licenza municipal solicitada para a ocupación de 68 m ² de vía pública fronte ao citado edificio, polo prazo de cinco meses, para a instalación dun andamio e dun valado con motivo das obras de reparación e impermeabilización da súa fachada, obras que contan co preceptivo título habilitante trala presentación da comunicación previa núm. 2023/U026/000038
525/2023	28-03-2023	Aprobar as despesas que se relacionan no seguinte cadro correspondentes ás achegas do concello pola Seguridade Social do mes de febreiro de 2023, así coma tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes aos anteditos gastos con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, e o seu pagamento por importe de 117.740,89 €
526/2023	28-03-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a factura e certificación de obra núm. 5 e final Proxecto básico e de execución de adecuación funcional "Horta do cura". Cambre" por importe de 2.182,69 euros
527/2023	28-03-2023	Aprobar o expediente de transferencia de crédito número 6/2023 por un importe 52.118,00 euros
528/2023	28-03-2023	Conceder os premios do XXI Torneo de xadrez "Agosto en Cambre" 2022. Conceder os premios do III Torneo de xadrez "Cambre Blitz" 2022
529/2023	28-03-2023	Levar a cabo o troco de domicilio de oficio, con data do día da resolución, de RCG do domicilio onde figura empadroadado para o novo domicilio
530/2023	28-03-2023	Aprobar o expediente de transferencia de crédito número 7/2023 por un importe 17.545,00 euros
531/2023	28-03-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
532/2023	28-03-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
533/2023	29-03-2023	Denegar a axuda de emerxencia social para alimentación a ES por atoparse no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios
534/2023	29-03-2023	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a GLA
535/2023	29-03-2023	Conceder a tarxeta de estacionamento para personas con



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		discapacidade a FMMF
536/2023	29-03-2023	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a SAR
537/2023	29-03-2023	Correspóndese co decreto 552/2023, do día 29 de marzo
538/2023	29-03-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas e gastos por importe total de 82.752,08 euros
539/2023	29-03-2023	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a FJVF por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
540/2023	29-03-2023	Avocación de competencias do quinto tenente de alcalde don Daniel Mallo Castro do 5 ao 8 de abril de 2023, ambos incluídos
541/2023	29-03-2023	Avocación de competencias da segunda tenente de alcalde dona Lúa Sanguñedo Álvarez os días 3, 4 e 5 de abril de 2023
542/2023	29-03-2023	Aprobar a incorporación de remanente de crédito do exercicio 2022 número 9/2023 por importe de 315.283,43 euros financiada en 33.714,96 euros con compromiso de ingreso, en 23.626,09 euros con remanente de tesourería afectado e en 257.942,38 euros con remanente de tesourería para gastos xerais
543/2023	29-03-2023	Levar a cabo o troco de domicilio de oficio con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía, de MENS e a menor BFN, do domicilio onde figuran empadroadas
544/2023	29-03-2023	Revogar, con efectos 1 de xaneiro de 2023, a bonificación (Tarifa 1.B) na cota da taxa por subministración de auga potable concedida no seu día aos seguintes beneficiarios, por mor de non ter achegado a renovación do seu título de familia numerosa no prazo establecido na ordenanza fiscal num. 15 (ata o 28 de febreiro de cada ano), e constar como caducado o dito título na documentación dispoñible no Departamento de Intervención municipal, incumprindo polo tanto, os apartados segundo e terceiro do artigo 5 da ordenanza fiscal número 15 reguladora da taxa por subministración de auga
545/2023	29-03-2023	Denegar a axuda de emerxencia social para alimentación a DKMC porque o límite de ingresos da unidade de convivencia é superior ao establecido
546/2023	29-03-2023	Recoñecer a desistencia da petición da axuda para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora, a MGJ, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido
547/2023	29-03-2023	Ordenar a demolición das obras realizadas por DRB e aos herdeiros de ASM, consistentes na instalación dunha cheminea na finca sita no de Fontenla, Pravio, ao non ser as ditas obras legalizables ao estar situadas a menos de 3 metros da finca colindante, tal e como resulta da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo, nº 4 da Coruña do día 13 de xaneiro de 2023 dictada no Procedemento abreviado 279/2021 pola que se estima o recurso contencioso administrativo interposto por ACG contra a resolución da alcaldía de data 11 de outubro de 2021 condenando á administración

		demandada a ordenar a retirada da chaminea de saída de gases á que fai referencia a comunicación previa presentada
548/2023	29-03-2023	Requirir a MVS que regularice as obras denunciadas, debendo presentar para iso unha comunicación previa de obras, xuntando un orzamento detallado das obras, un plano situando esta delimitación e a declaración responsable perante Augas de Galicia, así como as autorizacións da consellería de Medio Ambiente
549/2023	29-03-2023	Requirir a DR e Cia SL que regularice os vertidos denunciados coa presentación dunha comunicación previa de obras que deberá acompañarse cun orzamento detallado e un plano no que se indique a conexión a realizar co saneamento existente que discorre polo Camiño da Carreira. Todo isto de acordo co disposto polo artigo 152.3 b) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
550/2023	30-03-2023	Solicitar á Consellería de Política Social e Xuventude a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, sendo o importe total do financiamento solicitado, segundo se reflicte no resumo xeral do anexo V, de 858.743,00 euros
551/2023	29-03-2023	Aprobar a conta xustificativa do anticipo de caixa fixa de servizos sociais, presentada pola habilitada de pagamentos, correspondente ao período comprendido do 1 de xullo ao 30 de setembro de 2022, e recoñecer obrigas por importe de 3.825,45 euros
552/2023	29-03-2023	Conceder a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a JJOM
553/2023	30-03-2023	Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para acordar a ampliación do prazo de execución do LOTE 2, A Barcala, da obra de Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, Polígono de Espírito Santo e O Temple, mediante implementación de solucións LED (expediente TEdC 2021/C003/000009). Ampliar o prazo de execución da obra correspondente ao LOTE 2, A Barcala, da contratación de Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, Polígono de Espírito Santo e O Temple, mediante implementación de solucións LED (expediente TEdC 2021/C003/000009), ata o 2 de xuño de 2023
554/2023	30-03-2023	Conceder a UFD DE, SA, a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 43 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita no lugar de Riveiriña, parroquia de Bribes
555/2023	30-03-2023	Conceder a UFD DE, SA, a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 31 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita na estrada de Espírito Santo, parroquia de Cecebre



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

556/2023	30-03-2023	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a GMCh por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
557/2023	30-03-2023	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a NCCh por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
558/2023	30-03-2023	Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para acordar a ampliación do prazo de execución do LOTE 1, Cambre, da contratación de Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, Polígono de Espírito Santo e O Temple, mediante implementación de solucións LED (expediente TEDeC 2021/C003/000009). Ampliar o prazo de execución da obra correspondente ao LOTE 1, Cambre, da contratación de Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, Polígono de Espírito Santo e O Temple, mediante implementación de solucións LED (expediente TEDeC 2021/C003/000009), ata o 2 de xuño de 2023
559/2023	30-03-2023	Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para acordar a ampliación do prazo de execución do LOTE 3, O Temple, da obra de Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública determinadas zonas: A Barcala, Cambre, Polígono de Espírito Santo e O Temple, mediante implementación de solucións LED (expediente TEDeC 2021/C003/000009). Ampliar o prazo de execución da obra correspondente ao LOTE 3, O Temple, da contratación de Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, Polígono de Espírito Santo e O Temple, mediante implementación de solucións LED (expediente TEDeC 2021/C003/000009), ata o 2 de xuño do 2023
560/2023	30-03-2023	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a DCR por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
561/2023	30-03-2023	Conceder a SEPV a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 12 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, durante o tempo restante ata cumprir o máximo de 18 meses
562/2023	30-03-2023	Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para acordar a ampliación do prazo de execución do LOTE 4, O Temple, da obra de Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, Polígono de Espírito Santo

		e O Temple, mediante implementación de solucións LED (expediente TEdC 2021/C003/000009). Ampliar o prazo de execución da obra correspondente ao LOTE 4, Polígono Espírito Santo, da contratación de Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, Polígono de Espírito Santo e O Temple, mediante implementación de solucións LED (expediente TEdC 2021/C003/000009), ata o 2 de xuño de 2023
563/2023	30-03-2023	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a AFS, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais

4.- ASUNTOS SOBREVIDOS

Non se tratou ningún.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formula ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo